

Habia presentes cen delegados do congreso

Centramonos a discutir soio os aspectos das enmendas que habia. Houbo unha serie de enmendas que foron aceptadas pola ponencia e aprobadas pola maioría. Son:

- Na introduccion engadirille ,despois de " o Sindicato Nacional de CC OO de Galicia e parte integrante da confederacion de Comision Obreiras , anque o S N de CC OO de Galicia , ten por tarefa sua esencial a decidida defensa dos intereses de clase de todos os asalariados da nacion galega...". Quereselle engadir "conxuntamente co resto dos asalariados do Estado español".

DEFINICION DE PRINCIPIOS.- Orientase a supresion da supresion da sociedade capitalista e a construcccion dunha sociedade ~~xe~~ socialista en liberdade, ...". Engadir "donde desapareza toda forma de explotacion e ~~xe~~ opresion".

UNITARIO.- No seu seo poden coexistir distintas concepcions politicas, ideoloxicas e relixiosas. Manten como ouxetivo ~~ir~~renunciabile a busqueda da unidade sindical libremente decidida polos traballadores...". ENGADIR " a) Promover toda iniciativa encamiñada a favorecer a unidade de accion das centrales sindicais representativas e de clase .b) Promover e xeneralizar a construcccion de formas unitarias de representacion dos traballadores. A partir das assembleas e dos organismos que os propios traballadores elixan democraticamente"

ART.11 .-Aceptase completar o artigo ~~xxxxxx~~ " No plano estatal , correspondera a accion sindical a Confederacion Sindical de CC OO, nos seus organos directivos: Consello Confederal ou secretariado..." ENGADINDO o parrafo seguinte:"... A ~~xe~~ accion sindical na empresa basarase na potenciacion dos comites de empresa como representante dos traballadores e respetando a vontade dos traballadores libremente expresada nas assembleas".

ART 13.-A continuacion do apartado b) , punto 4 , respecto a normativa de convocatoria do congreso ordinario , no sentido de que deberase de combocar con tres meses de antelacion.

ART 25.- Aceptase introducir neste articulo , que refirese os libros de contabilidade , o parrafo seguinte :..." O sistema de libros de contabilidade e acceso a eles polos afiliados sera extensivo a todos os organos do ~~xe~~ S.N."

ART 26.- No mesmo sentido a ponencia aceptou un parrafo similitar

2) o anterior , no que se refire o rexistro de afiliados ".

Como final esta ponencia aceptou na comision , con soio 4 abstencions, engadir un novo artigo 34 que diga:" O galego e idioma oficial do S N de CC OO de Galicia , garantizandose a libre expresion en calquer outro idioma por parte dos afiliados".

ENMENDAS DAS MINORIAS

Como ponente solicito da Presidencia que someta a votacion o texto orixinal dos estatutos coas enmendas aceptadas pola ponencia , e que citarouse deixando para posteriores votacions as enmendas non aceptadas e que obtuveron o porcentaxe necesario de votos pra defendelas diante do Pleno, e que corresponden os artigos seguintes :

1 -Introduccion

2 -Definicion de principios, no que se refiere a :

Unitario

Independiente

3 Art. 7

4 Art 8

Art 9

5 Art 13

6 Art 14

7 Art 17

8 Art 22

9 Art 28

10 Art 33

Introduccion

Non se acepta por: non seren materia de estatutos .Carazterizala nacionalidade galega senon ~~ya~~ caracterizalo sindicato que e o que recollen os actuais estatutos de xeito sencillo e menos enfarragoso.

Defnicion de principios

UNITARIO, non se acepta por: nos estatutos non se pode predeterminar a forma en que vai a darse o proceso unitario porque esta ha de vir dado a traveso da libre decision dos traballadores.

INDEPENDENCIA.(Incompatibilidades)

Non se acepta por : Nos pensamos que e totalmente compatible que un dirixente sindical poda ser a sua vez , un dirixente dun partido obreiro. Isto e precisamente o que pode garantir o contido de clase no sindicato , que ocurriria pois si os nosos millores dirixentes non perte necesen a partidos obreiros ? (amarillismo)

3) seria enganar os traballadores , negar formalmente que un non perteneza a direccion de un partido si despois sabemos que en realidade vai se a selo. *cousa positiva : Si leon liberacion - - -*

O que temos que ter en conta e exclusivamente a incompatibilidade funcional e decir, si os dirixentes sindicais cumpren coa funcion para a que foron elexidos no sindicato .

Sobre non poder seren parlamentario siñifica non ter en conta a situacion politica actual pola que atravesamos o noso pais. Ogalla houberse moitos lideres obreiros no parlamento , porque estamos seguros que outras lexis salirian tanto en favor dos traballadores como do pobo (¿quen pode decir que e negativo o que esta facendo Marcelino Camacho no Parlamento?)

ART 7.-

1) Defender lista aberta e distribucion de postos proporcionales os votos outidos por cada candidato. Pois non se pode extrapolar o que pasa nas elecc ons sindicais , donde hai distintos sindicatos a CCOO , que somos un soio sindicato .

^Peligro de que se infiltren os amarillos no sindicato e que poidan - polo sistema de voto por candidatura-entrar incluso nos organos de direccion.

2) Pretender añadir ..." incluso publica" e unha redundancia. Pois en este artigo xa se contempla a plena liberdade de expresion .

3) (Ter acceso os organos de prensa do sindicato).

Igoal que o anterior

ART 8.- (Eliminar o apartado d))

Non porque ,no artigo 7, se refire especificamente a dereitos e neste , se refire a deberes

ART 9.- (Son minoria)

1) Anular o parrafo " ou vaian contra os fins ou ouxetivos que este pro pugna" .

Non, porque unha cousa son os estatutos e outra os fins e ouxetivos do sindicato . Se poden cumprir os estatutos e ir en contra de fin e ou xetivos do sindicato (hai ouxeitos s que non poden ~~perderse~~ ~~se~~ pre-verse estatuariamente)

2) Se pretende aumentar que a sancion sexa ratificada polo organo que o elixeu.

Hai maiores garantias de equidad si a sancion e determinada polo organo superior .

3) Que a sancion sexa decidida por dous tercios ~~x~~ ~~xxxxxx~~

Xa se establece nos estatutos que as decisions se toman por ~~ma~~ maioría, e por tanto xa queda establecido o criterio.

4

ART 13.-Que as ponencias esten con dous meses de antelacion ao congreso ordinario e as enmendas con un mes

As enmendas non poden aceptarse que esteñan con dous meses porque surxe un problema tecnico e non pode celebrarse o congreso (como o proba o que as enmendas a este congreso, meitas delas non nos foran entregadas a nos hasta onte

ART 14 .- A comision executiva que poda convocarse con un tercio do consello e non pola maioría

A ponencia mantén que sexa por maioría

ART 17 .- (Incompatibilidades) +dentica argumentacion a cando rebatiu se incompatibilidades entre cargos sindicais e cargos politicos e parlamentarios . *Jurisdic*

ART 22 .-(Son minoría)

As comisions de control e garantías non foron elegidas en diversos congresos xa realizados e aceptalo aquí implicaría escomenzar de novo un proceso de celebración de novo congreso. Nese sentido defendemos a redacción dos estatutos , ~~en~~ e dicir, " poderán " facerse extensivas a outros órganos. Pero non "deberán" .

ART 28.- (Querén aumentar o parrafo ~~en~~ E)

Conflicto que dáse na actualidade que entra en caixóns sin salidas e soio entón e cando se recorre a dirección

ART 33.-/Defensa similar a introducción)

" os estatutos non caracterizan a nacionalidade galega senón o sindicato"